

INFORMACIÓN RELACIONADA CO CAMBIO DE NOME

Poderase solicitar o cambio de nome nos seguintes casos:

- Cando o solicite a persoa interesada por usar habitualmente un nome distinto do que consta na inscrición de nacemento.
- Cando o nome se puxo con infracción das normas establecidas.
- Cando se trate da tradución dun nome estranxeiro.
- Cando se trate da tradución ou adaptación gráfica ou fonética ás linguas españolas.
- Cando se rectifique a mención rexistral de sexo.

Polo contrario, non procede o cambio de nome propio, por falta de causa xustificada, cando se pretenden cambios insignificantes de nome propio (Débora por Deborah, Cristina por Kristina). Só son admisibles estes cambios cando teñen como fin corrixir ortograficamente o nome propio incorrectamente escrito.

REQUISITOS COMÚNS A TODOS OS CAMBIOS DE NOME

Debe concorrer causa xustificada e non producir prexuízo a terceiras persoas.

O cambio de nome realízao, tras o previo expediente, o encargado do Rexistro Civil do domicilio da persoa interesada.

No caso de que a causa do cambio sexa o uso de nome distinto do inscrito e non resulte probado o uso habitual, a competencia corresponde ao ministro de Xustiza e, por delegación, á Dirección Xeral dos Registros e do Notariado.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Certificado de empadramento actualizado no partido xudicial de Ponteareas.
- Certificado de nacemento actualizado.
- Libro de familia (orixinal e unha fotocopia).
- Fotocopia do DNI.
- Para o caso de cambio de nome por uso habitual, proba documental (facturas, carné de biblioteca, ximnasio, conta de correo electrónico etc., en que se vexa

o uso do nome solicitado) e testemuñal que xustifique o uso do nome solicitado (dúas testemuñas maiores de idade provistas do DNI).

DEBERÁN COMPARECER CO SEU DNI OU PASAPORTE O DÍA DA CITA